

Información ás familias sobre confinamentos do alumnado.

Este documento recolle como se levarán a cabo as clases na aula do seu/súa fillo/a nos seguintes casos:

- Confinamento ou peche da aula na súa totalidade
- Peche total do centro
- Confinamento dun ou varios/as alumnos/as na aula

Tanto o peche dunha ou varias aulas, o peche do centro ou confinamento de alumnado dunha aula, é unha decisión que adoptan as Autoridades Sanitarias, non a dirección do centro.

Tamén se recolle aquí como se comunicará coa familia o centro e o profesorado que imparte clase na aula.

Despois de tomada a decisión do peche da aula ou do centro, aplicarase o chamado Plan de Continxencia (está publicada na web do colexio www.colecarino.net a súa última actualización).

1.- Comunicación co centro e a persoa titora.

Cando a familia necesite comunicarse coa directora do centro farase a través do teléfono 881880334 ou do correo ceip.manuel.fraga@edu.xunta.gal.

A comunicación coa titora levarase a cabo a través de:

- - Aula virtual do centro (mensaxería ou foros).
- - Mensaxería Abalar.
- - Correo electrónico facilitado polo docente.
- - Plataforma correspondente para a realización de videoconferencias.
- - Páxina web do centro.
- - Chamadas e/ou videochamadas telefónicas.

2.- Planificación docente para o ensino non presencial.

Área	Procedemento de traballo.
Lingua Galega	<ul style="list-style-type: none">- O traballo publicarase diariamente na aula virtual tendo en conta o horario. Os nenos e nenas seguirán co mesmo método de traballo que na aula ordinaria realizando as actividades e exercicios nas libretas.- Para a súa corrección enviarán o traballo como tarefas a través da aula virtual ou a través do correo electrónico facilitado pola mestra. Nalgunhas tarefas será a titora a que envíe ficheiros coas correccións e explicacións oportunas.- Todas as actividades irán acompañadas de materiais complementarios como poden ser vídeos e/ou arquivos desplegables con explicacións, esquemas ou fichas.- Ao mesmo tempo, realizaranse actividades interactivas e/ou actividades que podemos crear desde a aula virtual para traballar os contidos.- Se fose preciso levaranse a cabo videoconferencias.

	<ul style="list-style-type: none"> - Con respecto ao alumnado que teña problemas de conectividade, en caso de confinamentos breves, realizarán as tarefas nas libretas, que a mestra titora, revisará cando os alumnos e alumnas se incorporen ao centro. En caso de que teñan dúbidas, estas serán aclaradas mediante vía telefónica.
Lingua Castelá	<ul style="list-style-type: none"> - O procedemento de traballo será o mesmo que en Lingua Galega.
Matemáticas	<ul style="list-style-type: none"> - O procedemento de traballo será o mesmo que en Lingua Galega.
Ciencias Sociais	<ul style="list-style-type: none"> - O procedemento de traballo será o mesmo que en Lingua Galega.
Ciencias da Natureza	<ul style="list-style-type: none"> - O procedemento de traballo será o mesmo que en Lingua Galega.
Inglés	<p>Para confinamentos breves e de poucos alumnos/as:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O traballo publicarase na aula virtual no apartado de inglés diariamente e de xeito paralelo ao ensino presencial. 2. O traballo feito na casa entregárase a mestra de inglés unha vez que o alumno volva ao ensino presencial. <p>O contacto coas familias farase a través da Espazo Abalar, aula virtual ou correo electrónico.</p> <p>Para confinamento de aula ou de centro:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Traballarase principalmente a través da aula virtual. 2. Publicaranse tarefas semanais para as que o alumnado terá que proporcionar unha resposta(realizar exercicios nos libros, completar fichas, escoitar algún audio...). 3. Os traballos realizados serán entregados a través das tarefas creadas e farase semanalmente, é dicir o venres as 13:00 terán que estar enviadas.
Educación Física	<p>O traballo publícase na aula virtual por quincenas. Existen tres apartados: un espazo para a lectura e a visualización de vídeos, as tarefas para realizar durante esa quincena, e unha proposta de actividade física.</p> <p>A comunicación co mestre para as consultas e resolución de dúbidas será mediante foros e a mensaxería. O alumnado poderá ser convocado a videoconferencias.</p> <p>En caso de confinamentos breves e co alumnado con dificultades para a conexión utilizarase unha libreta para a realización das tarefas. Esta libreta debe ser entregada ao incorporarse de novo ao centro para a revisión.</p>
Música	<p>No caso da ensinanza online, publicarase na aula virtual/Edixgal quincenalmente actividades que abarquen os contidos correspondentes a cada un dos bloques da materia. Ditas tarefas poden subirse á aula virtual ou envialas ao correo que facilitará a propia docente.</p> <p>Por outra banda, de escoller o ensino non dixital, o alumnado realizará igualmente as actividades, que a profesora remitirá a un correo familiar. O alumnado deberá entregar as actividades en follas soltas ao incorporarse ao centro.</p> <p>Para calquera dúbida a comunicación coa mestra será a través da aula virtual/Edixgal e do espazo Abalar.</p>

<p>Plástica</p>	<p>No caso da ensinanza online, publicaranse na aula virtual/Edixgal quincenalmente actividades que abarquen os contidos correspondentes a cada un dos bloques da materia. Ditas tarefas poden subirse á aula virtual ou envialas ao correo que facilitará a propia docente.</p> <p>Por outra banda, de escoller o ensino non dixital, o alumnado realizará igualmente as actividades, que a profesora remitirá a un correo familiar. O alumnado deberá entregar as actividades en follas soltas ao incorporarse ao centro.</p> <p>Para calquera dúbida a comunicación coa mestra será a través da aula virtual/Edixgal e do espazo Abalar.</p>
<p>Relixión</p>	<p>O traballo para realizar publicarase na aula virtual de forma semanal. A entrega de traballos farase a través da aula virtual, mensaxería ou a través do correo electrónico.</p> <p>O contacto coas familias será a través do espazo Abalar, correo electrónico e teléfono.</p> <p>No caso das familias con dificultades tecnolóxicas enviarase o traballo ao correo electrónico.</p>
<p>Valores</p>	<p>- O procedemento de traballo será o mesmo que en Lingua Galega.</p>
<p>Pedagogía Terapéutica</p>	<p>O alumnado está matriculado na Aula Virtual do seu curso, así coma nun curso específico para a súa atención por parte da especialista en Pedagogía Terapéutica. A este curso subiranse diversos materiais na aula virtual secuenciados para a súa realización dende o fogar; tamén se recompilará material impreso necesario para que o alumno poida progresar no seu aprendizaxe na súa casa; temporalizarase a súa realización tendo en conta as necesidades do alumno e o tempo que vaia permanecer no fogar; daranse pautas ás familias para traballar co neno e proporanse outras actividades de tipo manipulativo ou sensorial para facer na casa tendo en conta os materiais presentes neste contexto.</p> <p>O contacto con el e a súa familia levarase a cabo mediante chamadas e videochamadas periódicas para resolver as súas dúbidas.</p>
<p>Audición e Linguaxe</p>	<p>O alumnado está matriculado na Aula Virtual do seu curso, así coma nun curso específico para a súa atención por parte da especialista en Audición e Linguaxe. A este curso subiranse diversos materiais na aula virtual secuenciados para a súa realización dende o fogar; tamén se recompilará material impreso necesario para que o alumno poida progresar no seu aprendizaxe na súa casa; temporalizarase a súa realización tendo en conta as necesidades do alumno e o tempo que vaia permanecer no fogar; daranse pautas ás familias para traballar co neno e proporanse outras actividades de tipo manipulativo ou sensorial para facer na casa tendo en conta os materiais presentes neste contexto.</p> <p>O contacto con el e a súa familia levarase a cabo mediante chamadas e</p>

videochamadas periódicas para resolver as súas dúbida

.2.1.-Equipamento necesario para o seguimento das clases a distancia.

O equipamento necesario para seguir as clases a distancia será un dispositivo con conectividade a internet que pode ser un ordenador, un portátil e/ou unha tablet. En confinamentos curtos para alumnos e alumnas que non dispoñan de ordenadores ou tablets poderíase utilizar o móbil.

.2.2.-Solicitude de equipamento.

No caso de confinamento do alumnado , as familias poden poñerse en contacto co colexio para comunicar a necesidade dun equipo informático e/ou unha conexión a internet, se non dispón no seu fogar ou non ten posibilidade de obtelo para poder seguir desde a casa a actividade educativa.

O colexio remitirá a solicitude ao departamento correspondente da Consellería de Educación. De ser aceptada a solicitude entregárase o equipamento á familia unha vez asinado o “ Acordo de Cesión”.

3.- Horarios.

.3.1.-Confinamento dun alumno.

Cando o confinamento é só dun alumno ou alumna a mestra titora e os mestres e mestras que imparten as demais áreas enviaránlle tarefas diarias tendo en conta o horario presencial a través do espazo Abalar e/ou da aula virtual.

.3.2.-Confinamento do grupo.

Para a atención a distancia do grupo confinado seguirase o horario de docencia ordinario. Terase en conta a situación do alumnado e as propostas da familia co fin de modificar os tramos horarios sempre que sexa compatible cos horarios ordinarios.

.3.3.-Peché do centro.

No caso do peche do centro este sería o horario que se seguiría para a atención educativa non presencial. Sería o horario espello.

3ºA					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00 10:45	Matemáticas Beatriz D.	Matemáticas Beatriz D.	Matemáticas Beatriz D.	Lingua Cast Beatriz D.	Matemáticas Beatriz D.
10:45 11:30	Lingua Gal Beatriz D.	Lingua Cast Beatriz D.	Lingua Cast Beatriz D.	Lingua Gal Beatriz D.	Plástica Marta D.
11:30 12:15	EF Fran M.	Inglés Julia G.	Titoría Beatriz D.	Inglés Julia G.	Lingua Gal Beatriz D.
12:15 13:00	Relixión Manuel S. Valores Beatriz D.	Ciencias Soc Beatriz D.	Música Marta D.	Ciencias Nat Beatriz D.	CN/CCSS Beatriz D.

.3.4.- Titoría co alumnado.

En caso de confinamentos curtos, calquera asesoramento ou axuda que precise o alumnado será comunicado mediante mensaxería Abalar, correo electrónico facilitado pola mestra titora ou chamada telefónica á mestra intentando solucionar a través destes medios calquera problema, dúbida ou inquedaanza dos alumnos e alumnas.

En caso de confinamentos longos e de todo o centro estableceríase, tendo en conta o horario espello, a terceira hora dos mércores.

.3.5.- Titoría coas familias.

En caso de confinamentos curtos e de poucos alumnos e alumnas ou do grupo, a mestra titora mantería as tardes dos martes para titorías, ademais da aclaración de calquera dúbida, dificultade ou problema que puideran ter a través do espazo Abalar, o correo electrónico e o teléfono.

No caso de confinamento do centro, as titorías coas familias, como podemos ver no horario espello, serían na terceira hora do mércores. Se nalgún momento algunha familia non puidese esperar a ese día poderase poñer en contacto coa mestra titora a través do espazo Abalar, correo electrónico ou teléfono.

4.- Procedemento de avaliación para o ensino non presencial.

O alumnado durante o tempo de confinamento ou corentena, se a súa situación persoal o permite, ten a obriga de continuar o seu traballo segundo o seu horario e planificación que determina o profesorado neste documento. Para a avaliación do alumnado terase en conta a asistencia e a participación nas actividades educativas que propoña o profesorado e o ditado na Resolución do 18 de novembro de 2020 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Real Decreto lei 31/2020, do 29 de setembro polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria publicada pola Consellería de Educación no DOG do 25 de novembro de 2020.

Tendo en conta as instrucións establecidas pola Xunta mantéñense os criterios de avaliación, promoción e titulación previstos para o curso 2020/2021 aprobadas o 30 de xullo para este curso. Estas instrucións céntranse na recuperación das competencias que non se puideron adquirir o curso pasado, así como no reforzo a través de iniciativas como os programa de mellora e do rendemento; ao tempo que se manteñen os criterios de avaliación e promoción.

5.- Normas de organización e funcionamento para o ensino a distancia.

En primeiro lugar, debemos ter en conta que os dereitos e deberes para o alumnado e profesorado seguirán sendo os mesmos.

En canto ao resto de normas, en xeral, serán as mesmas. Os cambios, debido á nova situación de peche, están recollidos no Plan de Continxencia citado anteriormente.

Principalmente deberemos ter en conta que será considerada como aula, a todos os efectos, a aula virtual.